

Alén do mar

(Letra: Dpto. de Música do I.E.S. Leiras Pulpeiro)

Teño un sentir lonxe de aquí
máis alá do mar,
para vivir, por escapar,
tiven que voar.

Teño unha dor dentro de min
que me fai morrer,
non vivirei, non serei eu,
non ata volver.

É que pra min, nunca pra min,
será este o meu lar,
fáltame a luz, falta o meu mar,
falta o meu falar.

Se é por saber do meu país,
está alén do mar...

Saiban os que me desprezan
por non ter nacido aquí
que eu non tracei o destino,
longo camiño sen fin

Teño o pensar lonxe de aquí
máis alá do sol,
de tanto andar, de tanto ver,
xa non sei quen son.

Teño unha dor dentro de min
de terra e de luz,
quero vivir, quero ser eu
do Norte ata o Sur

É que pra min, tal vez pra min
será este o meu lar,
sinto outra luz, sinto outro mar,
un novo falar.

Se é por saber do meu país,
está alén do mar...